



SAÚDE E BENESTAR

Narrativa

Lecturas autónomas



O segredo de Al'eume




Pilar Ortega Pereiro



Xiana bota man á imaxinación para paliar os gastos médicos que a súa irmá necesita tras sufrir un accidente de bicicleta.

O segredo de Al'eume
Pilar Ortega Pereiro



cuarto de inverno



Xuvenil



987-84-124586-0-2



2021

SAÚDE E BENESTAR

Narrativa

Lecturas expertas



Ás veces quero morrer coa risa



Birgit Schliepar, Nina Stahl



Patricia Buján Otero



Con dezaseis anos ao protagonista desta historia comunicánlle que ten una enfermidade terminal. Chegan entón as preguntas, as reflexións ante este feito e resolver que sentido quere darlle á vida que lle falta por vivir.



EDITORIAL GALAXIA



Costa Oeste



978-84-9865-475-2



2013

SAÚDE E BENESTAR

Narrativa

Lecturas expertas



Dióxenes



Pablo Albo




Pablo Auladell



Carlos Acevedo



O protagonista, que leva por nome Dióxenes, e a súa familia teñen o costume de ir recollendo por aí cousas e levalas para á casa. Todos, tanto os seus pais, como os seus irmáns e os seus avós e mesmo un tío carteiro cren ser coleccionistas.



Kalandraka



Sete Leguas



978-84-8464-732-4



2010

SAÚDE E BENESTAR

Novela gráfica

Lecturas expertas



Engurras



Paco Roca



Paco Roca



Isabel Soto



Emilio, xa xubilado vai ser internado pola súa familia nunha residencia de anciáns porque está diagnosticado de alzhéimer. Pouco a pouco o lector irá acompañándoo nesa perda da memoria.



De Patito Editorial



9788493943400



2017



LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galix

SAÚDE E BENESTAR

Narrativa

Lecturas expertas

**Memoria contra Alzheimer**

Rafael Laso Lorenzo



O protagonista, consciente de que empeza a esquecerse das cousas, trata de confrontarse ante esta realidade como se dunha partida de xadrez se tratara.



XERAI S



Fóra de xogo



9788497826914



2008

SAÚDE E BENESTAR

Narrativa

Lecturas expertas

**Os nenos da varíola**

María Solar



Historia baseada nun feito real, acontecido no ano 1803, no que un grupo de vinte e dous nenos orfos, viaxarán a América coa vacina de varíola. Eles forman parte da Expedición do doutor Balmis e da enfermeira Isabel Zendal.



EDITORIAL GALAXIA



Costa Oeste



9788491510260



2017

SAÚDE E BENESTAR

Narrativa

Lecturas expertas

**Súper Ulex**

Susana Sánchez Aríns



Clara, despois de pasar por una grave enfermidade, trata de recuperar á normalidade da súa vida, pero xa nada é igual que antes. Converterase en SuperUlex para buscar ás forzas que lle faltan e tratar de combater ás inxustizas que a rodean.



cuarto de inverno



Xuvenil



9788412160420



2020



ODS 5

SAÚDE E BENESTAR

Narrativa

Lecturas expertas

**Todo vai ir ben**

Silvestre Gómez Xurxo



A nai de Minia está pasando por un cancro. Con case quince anos, atopa no seu peluche o confidente que lle axudará a reflexionar sobre o que está acontecendo e encarar a vida ante situacións tan adversas.



XERAI S



Fóra de xogo



9788497822589



2005

SAÚDE E BENESTAR

Narrativa

Lecturas expertas



Un elefante na sala de estar



Berta Dávila



A morte por suicidio de Rosa acontece unha mañá de outono, mentres o seu home está no traballo e os seus fillos adolescentes acoden ao instituto como un día calquera. Na súa ausencia, as voces das persoas que a querían contan quen era.



XERAIS



Fóra de xogo



978-84-1110-086-1



2022

SAÚDE E BENESTAR

Narrativa

Lecturas expertas



Un fillo



Alejandro Palomas



Guille aparentemente é un neno e leva unha vida que semella feliz; pero por debaixo diso hai problemas que están sen resolver.



EDITORIAL GALAXIA



Costa Oeste



978-84-9151-552-4



2020

SAÚDE E BENESTAR

Narrativa

Lecturas expertas



Un monstro vén a verme



Patrick Ness



Xesús Fraga



Os pais de Connor están separados e a súa nai está enferma de cancro. O medo apodérase do neno, pero irá superándoo pouco a pouco, grazas á visita dun monstro e ás historias que lle conta.



FAKTORIA

K
DE LIBROS



978-84-16721-56-6



2016

SAÚDE E BENESTAR

Libro informativo

Lecturas expertas



Vida sa! : desde a infancia e para sempre



María Corbacho Moreno




Enrique López López



Rosario Baleirón Soñora



Un manual para mellorar dende cativos a nosa alimentación e estilo de vida tanto a nivel físico como emocional.



HÉRCULES DE EDICIONES



Preparados, listos...
xa!, 3



9788494650253



2017

**E TAMÉN...**

A folla azul

A avoa ten unha menciña

Elvira

Eu son eu

Eu curareite, dixo oso pequeno : a historia de como unha vez tigre pequeno se puxo enfermo

Novo Mundo: Isabel Zendal na Expedición da Vacina

O asubío do avó

O bosque do duque's - Hertogendosch

O cazador de estrelas

O elefante que perdeu a memoria

Que lle acontece á avoa?

Trece anos de Branca

Un avó especial

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Teatro

Primeiras lecturas



A nena que quería navegar




Álex Sampayo e Borja F. Caamaño



Rodrigo Chao



A Nena, albo das mofas dos seus compañeiros, foxe da escola coa intención de non volver a ela. Mais atopará a Xeadeiro, quen a base de adiviñas, xogos e cancións, devolveralle a autoestima perdida. Ensinaralle que dentro de cada un de nós agóchase un ser único e especial e que só crendo nas nosas capacidades seremos quen de acadar todo o que nos propoñamos.



9788461743179

2017

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Primeiras lecturas



A reconquista



Antía Yáñez



Ana Pedreira



No patio do colexio de Lúa unha invasión diaria deixa a moitas nenas e nenos sen espazo para desfrutar do seu tempo de lecer. Mais, grazas á súa tenacidade, Lúa pon en marcha unha pequena onda que rapidamente se converte nun tsunami de solidariedade.



9788499952970

2018

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Cando leo



Eva Mejuto



Bea Gregores



Emotiva homenaxe á lectura e ao seu poder para transformar o mundo. Un álbum no que palabras e imaxes constrúen metáforas cun poder motivador.



Pequeno Merlín

9788411100731

2022

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Canto te quero, profe!



Paloma Rodríguez e Cristina Justo



Spela Trobec



Este é o primeiro día de Nicolás no colexio de maiores. Nicolás repasa todas as cousas divertidas que fai no cole e cóntanos o moito que quere ao seu profe que, contra o máis común en Educación Infantil, é un varón.



A igualdade conta

978-84-95644-50-6

2013

ODS 5



4

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galiix

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Primeiras lecturas

**O lapis de Rosalía**

Antón Cortizas



David Sierra



Cando Rosalía ten que escribir no colexio, o seu novo lapis non escribe o que dita a profesora. A profesora acaba dándose conta de que é o lapis o desobediente e non a nena. Aos seus compañeiros de clase encántalles o lapis. No recreo, Rosalía tenta escribir o marabilloso que é ter un lapis que escribe o que quere. O lapis escribe o agradable que é estar na man dunha nena de seis anos.



O lapis de Rosalía
Antón Cortizas
Ilustracións de David Sierra



Merlín

9788499149271

2015

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Banda deseñada

Primeiras lecturas

**Os Bolechas. O autobús escolar**

Pepe Carreiro



Pepe Carreiro



Braulio ten moito sono e os irmáns Bolechas acaban perdendo o autobús escolar. Menos mal que pasa pola parada a nai dunha compañeira e conseguen meterse no seu coche que, por certo, xa ía a tope. Ata que queda sen gasolina. Entón cámbianse para o do pai doutro compañeiro: un camión de formigón, que vai batendo polo camiño e fai que todos os viaxeiros tremen.



A NOSA TERRA

Os Bolechas en Banda deseñada

978-8483412442

2008

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa/Banda deseñada Primeiras lecturas

**Os Bolechas queren saber... como é un día de escola**

Pepe Carreiro



Pepe Carreiro



Como é un día de escola para os Bolechas; que debe facer un neno despois de tomar o almorzo, como debe comportarse na escola, que debe facer despois de ir á escola; un conto ilustrado con cousas que os nenos deben ter moi presentes.



A NOSA TERRA

Os Bolechas queren saber

9788496403109

2004

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Primeiras lecturas

**Os Minimortos. Escola de salvaxes**

Leticia Costas



Mar Villar



Os Minimortos prefiren xogar, divertirse, facer trasnadas, pasalo xenial a ir á escola e estudar. Mais cando aparece a mestra Sinistra, ela teima en que vaian ao colexio e os Minimortos non pararán ata descubrir cales son as súas verdadeiras intencións.



Sopa de Libros

9788491219071

2021

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Álbum ilustrado / Poesía

Primeiras lecturas



Ratos na escola



Oli (Xosé Manuel González Barreiro)



Natalia Colombo



Enlazando palabras e versos, unha divertida aventura para volver ao colexio e gozar con todo o que podemos facer e aprender nas súas aulas: xogar, ler, pintar, crear música...



Kalandraka



Demademora



9788496893931



2021

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Primeiras lecturas



Ti tamen, Inés!



Teresa Sabaté i Rodiè



Carme Solà Ortega



Inés, unha nena que andaba de aquí para alá vendendo cousas, recollendo olivas... e non ía moito á escola é a nova veciña de Xeila. Ela tamén ten dereito á educación!



BAÍA EDICIÓN



Os dereitos do neno e da nena



9788496893931



2008

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas autónomas



A escola dos piratas




Agustín Fernández Paz



Luís Filella



A escola de Marta metamorfoseouse nun barco pirata gobernado pola imaxinación, a fantasía e a liberdade. Unha alegación do autor a favor dunha escola renovadora.



rodeira



Tucán Laranxa



9788496352100



2005

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas autónomas



A lagoa das nenas mudas



Fina Casalderrey



Patricia Castelao



Amina, unha nena nixeriana inmigrante, comeza a ir á escola. Imos coñecendo a súa relación co profesorado, cos compañeiros e especialmente con Ío, unha nena xordomuda cuxa actitude mostra que a posibilidade da comunicación está por riba das palabras.



XERAIS



Sopa de Libros



9788498653915



2007



4

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galiix

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas autónomas



A nena lectora



Manuel Rivas



Susana Suniaga



A nena debe aprender a ler, porque seu irmán que era quen sabía tivo que fuxir por protestar contra a guerra de África. Agora, a nena vai á escola disfrazada de neno, cando aprenda leralle á súa nai enferma e tamén ás mulleres da fábrica de tabacos para que podan soñar.



XERAIS



Pequena memoria



978-84-1110-001-4



2021



ODS 5

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas autónomas



Brian, o Chinés




David Daniel Vázquez Álvarez



Andrés Meixide



As circunstancias, con luces e sombras, de Brian, un neno con síndrome de Down, dende os seus primeiros anos na escola ata a súa adolescencia. Brian vai sentíndose parte dun grupo (amigos, mestres, familia...) no que se atopa cómodo e co que vive grandes experiencias. Mais ás veces debe enfrontarse a situacións problemáticas que van cambiar o rumbo dos seus días.



ee edicións embora



O Globo



9788416456604



2018

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas autónomas



Catro plumas de dinosauro



Rosa Aneiros



Xulia Pisón



Xoel, apaixonado dos dinosauros, durante unha excursión escolar ás Fragas do Eume atopa dinosauros de verdade. Aí comeza unha extraordinaria aventura na que contará coa axuda de Diana, Matilde e Carlos, o máis malote da escola.



XERAIS



Merlin



9788411100755



2022

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas autónomas



Cinco horas con Mauro



Pere Tobaruela



Andrés Meixide



Mauro, farto de que catro compañeiros de clase lle fixeran a vida imposible, trama un plan para solucionar a situación. Unha historia ao redor do acoso.



ee edicións embora



O Globo



9788416456185



2015

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Ensaio

Lecturas autónomas



Douche a miña palabra



Fran Alonso



Bea Gregores



O autor trata de inculcar o amor pola lectura e a escritura a partir da súa experiencia como difusor da lectura entre os máis novos, tamén aborda a importancia que ten o acceso á cultura para os rapaces e rapazas dos países pobres.



Sopa de Libros
9788491218869
2021

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas autónomas



Mar adiante



María Victoria Moreno



Manolo Uhía



O Arroás é un barco escola onde se aprenden moitas cousas que non veñen nos libros. O autora avoga por unha educación innovadora en contacto coa vida e as emocións.



Merlín
9788499140070
2009

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas autónomas



O monstro das palabras



María Reimóndez



Iván Sende



Narración que provoca unha reflexión sobre o valor do patrimonio da lingua propia e a necesidade de defendela dos que a atacan. Cando Alba e Lela chegan á escola atopan aos seus compañeiros como mudos. Chega a mestra que é, ante todo, unha gardadora de palabras...



Merlín
9788499140513
2009

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas autónomas



Plan de rescate



Antía Yáñez



Xiana Teimoy



Xiana, Héitor, Aldán e Noela están traballando, na aula de apoio da súa escola, cando desaparece a profe Xoana. Unha historia, cunha boa dose de compañeirismo e traballo en equipo, que demostra que a diversidade é enriquecedora e que o que alguén chama discapacidades non existen, senón que moitas veces significan outras capacidades.



Merlín
9788491217480
2020

ODS 5 e 10



4

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galiix

EDUCACIÓN DE CALIDADE



Ti non xogas!



Silvestre Gómez Xurxo



Anxo Fariña



A Suso non lle deixan xogar ao fútbol co resto dos rapaces. Está sentado nun chanzo da escaleira do patio da escola. Está aburrido e amolado. Cando quería xogar Róber chimpoulle: "Ti non xogas!" A Rober ninguén lle dixo que todos poden xogar e ninguén ten dereito sobre os demais.

Narrativa



Lecturas autónomas

XERAIS



Merlín



9788499142050



2011

EDUCACIÓN DE CALIDADE



A balada dos unicornios



Ledicia Costas



Mónica Armiño



A Escola de Artefactos e Oficios é un tanto especial, acolle os mozos e mozas que crean casas motorizadas ou sombreiros voadores.

Ágata McLeod é unha das mellores alumnas, pero hai moitas cousas que descoñece da institución... e do seu pasado.

Narrativa



Lecturas expertas

XERAIS



Camaleón



9788491214052



2018

EDUCACIÓN DE CALIDADE



A banda sen futuro



Marilar Aleixandre



Carlota, de dezaseis anos, debe facer amigos no seu novo instituto. Non lle resulta nada fácil tendo o cabelo rapado ao cero e sentíndose como un cero á esquerda. Carlota non entende por que os seus pais a obrigan a ir a clase.

Narrativa



Lecturas expertas

XERAIS



Fóra de xogo



9788483024713



2000

EDUCACIÓN DE CALIDADE



A lingua das bolboretas



Manuel Rivas



Miguelanxo Prado



A curiosidade pola vida dos animais forxa unha profunda amizade entre Gorrión, un tímido neno de seis anos, e don Gregorio, o seu mestre. Unha amizade quebrada pola barbarie da Guerra Civil.

Narrativa



Lecturas expertas

XERAIS



9788482888743



2005

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas expertas



A malvada María Xosé




Miguel Vázquez Freire



Xosé M. Collazo



María Xosé estuda nun instituto da Coruña. Na súa clase está Viri, afeccionada ás novelas de pandas. Viri monta unha panda, xunto con varios nenos e outras dúas rapazas da clase. María Xosé decide gas-
tarlles unha broma para acabar coas ganas de aventura que teñen. Ao final terá que intervir a policía para poñer fin a unha broma de considerábeis consecuencias.



XERAIS



Merlín



9788497824989



2006

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas expertas




A Pomba e o Degolado



Fina Casalderrey



André está a pasalo mal no instituto. Nos recreos Héctor Solla e Raúl Pernas, uns malotes, fanlle a vida imposible a el e a súa compañeira Halima Atif. Na casa, onde tamén se viven tempos complexos, André atopará acougo ás súas coitas facéndose cargo dos paxaros do seu avó e chateando, baixo o nick de "Degolado", con "Pomba", unha ami-
ga cibernética que o axudará a confiar na xente.



XERAIS



Fóra de xogo



9788499147956



2015

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas expertas



As palabras poden matar



Marcos Calveiro



A colonia Suevia está tomada pola mafia e os seus sicarios; ningún denuncia a situación porque a vida está nas súas mans. Os rapaces acoden á escola do mestre Abimael pero... o seu papel tampouco se-
mella transparente.



XERAIS



Fóra de xogo



978-84-9914-811-3



2015



ODS 16

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas expertas



Esta noite hei de ir a verte



Beatriz García Turnes



Sabela chega á súa primeira escola. Alí vai atopar unha realidade coa que non contaba: unha casa abandonada, luces misteriosas, unha alumna inquietante, uns amores truncados e as feridas do pasado que continúan abertas. A memoria da guerra continúa presente.



XERAIS



Costa Oeste



978-84-9151-645-3



2021



4

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galiix

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas expertas



O conserxe



Xosé Luís Vázquez Somoza



A vida nun IES vese alterada diante da aparición do cadáver dunha alumna. Non conforme co resultado das investigacións oficiais o propio conserxe trata de esclarecer o sucedido. Unha visión excitante do mundo académico coa implicación de todos os membros da comunidade educativa.



XERAI S



Fóra de xogo



9788491216933



2021

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas expertas



O que sei do silencio



Andrea Maceiras



Historia que afonda dende voces diversas na xénese, desenvolvemento e consecuencias dun caso de acoso escolar. Delia converteuse en acosadora pasiva de Silke, unha rapaza inocente de 3º da ESO. Mirar para outro lado ou calar é unha maneira de favorecer o acoso.



XERAI S



Fóra de xogo



9788491214021



2018

EDUCACIÓN DE CALIDADE

Narrativa

Lecturas expertas



Xograres dun tempo novo



Pepe Carballude



Beatriz García Trillo



Francisca Porta, diante do autorretrato de Agustín Llaneza, compañeiro paseado durante a guerra civil, lembra as súas andainas coas Misións Pedagóxicas, que tentaron paliar as diferenzas de oportunidades culturais existentes, desde sempre, entre o rural e o urbano.

editorial **everest**

Punto de Encontro



9788440311184



2009

E TAMÉN...

48 horas

*A biblioteca de Pedrarcana**A mestra corremundo**As palabras feridas**Coidamos a escola, coidamos o planeta**Leonardo e os fontaneiros**Noite de voraces sombras**Pequena biografía de Ángela Ruiz Robles**Pequena biografía de Daría González**Pequena biografía de Ernestina Otero**Os Metrosiderais**Unha historia de amor. Pequena biografía de María Victoria Moreno**Xa non estou aquí**Xenaro e o misterio da mochila verde /**Xenaro e a hucha do indiano*

IGUALDADE DE XÉNERO

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Adela Turín



Adela Turín



Nellan Bosnia



Eva Almazán e G. Tolentino



Artur e Clementina, Rosa Caramelo, Unha feliz catástrofe e A historia dos bonobos con lentes son nunha serie de obras de referencia para a coeducación e a igualdade.



Kalandraka



Tras os montes



9788484647850

9788484647997

9788484648871

9788484648321



2012 – 2014

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Primeiras lecturas



A pita xefa



Marta Lado



Marina Seoane



Rosario Baleirón Soñora



A protagonista desta historia é unha pitíña que quere pensar e decidir por si mesma e que non acepta as regras do galiñeiro no que o xefe é o galo.



BAÍA EDICIONS



978-84-9995-381-6



2021



Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade (2021)

IGUALDADE DE XÉNERO

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



A princesa Sabela



Cornelia Funke



Kerstin Meyer



María Xesús Bello



Unha mañá, cansa de ser unha princesa, decide guindar a súa coroa ao estanque dos peixes. O rei, como castigo, ordena que Sabela traballe na cociña de palacio e no cortello dos porcos. Que divertido! Nunca fora tan feliz!



XERAIS



9788499142128



2011

IGUALDADE DE XÉNERO

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



**Daniela pirata,
Daniela e as mozas piratas,
Daniela pirata e a bruxa
Sofronisa**



Susana Isern



Gómez



Unha serie na que é protagonista a pirata Daniela e as súas aventuras.



nubeOCHO



Egalité



9788417673666

9788418133633

9788418133893



2020 – 2022

IGUALDADE DE XÉNERO



Lila Lilaina



Ana Pillado Vega



Ana Pillado Vega



Os tres libros da colección, *Roi quere ser mamá*, *Carlota e o Príncipe azul* e *Azul e Rosa* buscan rachar os estereotipos de xénero.

Álbum ilustrado



Primeiras lecturas

A NOSA TERRA



Lila Lilaina



978-84-8341-066-0

978-84-8341-065-3

978-84-8341-064-6



2008 - 2009

IGUALDADE DE XÉNERO



O libro dos porcos



Anthony Browne



Anthony Browne




Xosé Manuel González Barreiro



A señora Porcón non paraba de traballar, mentras o home e os fillos, que non facían nada, sempre estaban pedindo algo. Un libro onde se fala da necesidade da corresponsabilidade das tarefas domésticas e da igualdade entre homes e mulleres.

Álbum ilustrado



Primeiras lecturas

Kalandraka



Tras os montes



978-84-8464-571-9



2006

IGUALDADE DE XÉNERO



O país do gran furado



Xerardo Quintiá




Noemí López



MAXI-miliano é un tirano que impide a máis mínima liberdade ás mulleres do seu país. A poeta rockeira Toribia consegue mudar a situación e facer unha sociedade igualitaria.

Narrativa



Primeiras lecturas



Conto x Conto



978-84-9995-324-3



2019



Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade (2019)

IGUALDADE DE XÉNERO



Once damas atrevidas



Xosé Manuel González 'Oli'



Helle Thomassen



Nesta adaptación rimada dun conto popular, as once damas parten nunha viaxe arredor do mundo, visitando diferentes lugares e culturas e en cada parada vai ficando unha dama ata chegar a Galicia.

Álbum ilustrado



Primeiras lecturas

Kalandraka



Os contos do trasno



978-84-8464-085-1



2002

IGUALDADE DE XÉNERO

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Temos talento!



Hannah Whitty



Paula Bowles



Raquel Mosquera



Un libro para aprender a apreciarse tal como é cadaquén, máis aló do aspecto físico e das habilidades socialmente valoradas.



978-84-9145-525-7

2022

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas autónomas



A cazadora de estrelas



María Canosa



Dani Padrón



Megumi é a mellor cazadora de estrelas. Cuestiónase o reparto de roles e a necesidade de quebrar a ideoloxía dunha sociedade patriarcal. A protagonista vai buscar a xustiza con intelixencia.



Merlín

978-84-9121-191-4

2017

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas autónomas



A princesa Lúa e o enigma de Kian




Palmira G. Boullosa



Mª Fe Quesada



Unha pequena princesa orfa recibe unha formación estraña para a súa época, pois nela dominan os criterios de igualdade. A historia difire tanto da tradición que é ela quen salva ao mozo, e non á inversa.



Merlín

978-84-7507-480-1

1988

IGUALDADE DE XÉNERO

Álbum ilustrado

Lecturas autónomas



As mulleres que cultivaban néboas



Bea Gregores



Bea Gregores



Unha rapaza relata as súas vivencias nunha familia cun pai violento e abusón e unha nai protectora. Elas as dúas van ter que marchar da súa propia casa para vivir con outras mulleres que padeceron problemas similares.



Pequeno Merlín

978-84-1110-109-7

2022

ODS 16

LITERATURA
INFANTIL E XU-
VENIL GALEGA

gálix

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas autónomas

**As músicas viaxeiras**


Ramón Caride



Dani Padrón



Aínda en tempos remotos, non todas as mulleres se resignaban ao seu destino nin todas as princesas se conformaban con non poder ver o mundo cos seus propios ollos. A pesar de que había homes ruíns nas encrucilladas, nas tabernas e nos pazos, tamén había mozas que loitaban para poderen ser elas en liberdade. E mozos dispostos a saír do camiño marcado.



XERAIS



Merlín



978-84-9121-962-0



2021

IGUALDADE DE XÉNERO

Teatro

Lecturas autónomas

**Donas de nós**


Ánxela Gracián



Dani Padrón



Morgana asume como misión propia que as mulleres sexan donas de si. Coa colaboración do mago Merlín, axudará a Mendiña, unha moza que vive recitando os seus poemas polo Camiño a Compostela, na súa aventura cun Príncipe que lle pide matrimonio.



BAÍA EDICIÓNS



978-84-9995-406-6



2022

IGUALDADE DE XÉNERO

Álbum ilustrado

Lecturas autónomas

**Lagarta, lagarta**

Elvira Ribeiro Tobío



Sofía Venzel



Trátase do encontro entre a historia dunha lagarta e o dunha moza á que chaman lagarta en plan despectivo. O tema principal desta obra infantil é a reivindicación da voz propia das mulleres, contestando ás voces que pretenden minusvaloralas. Libro orixinal que se pode ler nun ou noutro sentido.



EDITORIAL GALAXIA



Álbum ilustrado



978-84-9151-908-9



2022

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas autónomas

**Mamá, quero ser Ziggy Stardust**

Iria Misa



Alba Barreiro



Trata da transexualidade e as dificultades ás que enfrontarse: os sentimentos de culpa e a rebeldía da persoa protagonista, a incompreensión da sociedade en xeral, os problemas que xorden na familia e no centro educativo... ao fin: o proceso de construción da propia identidade.



XERAIS



Sopa de libros



978-84-9121-415-



2018

IGUALDADE DE XÉNERO

Biografía

Lecturas autónomas



Pioneiras: galegas que abriron camiño, Pioneiras 2. galegas que abriron camiño



Anaí Rodríguez



Nuria Díaz / Abi Castillo



Retallos de biografías de mulleres galegas que foron pioneiras nalgún eido da sociedade, abrindo camiño para outras que chegaron tras elas. Modelos necesarios para as rapazas.



XERAIS

Pioneiras. Galegas que abriron camiño

9788491213109

978-8491214649

2018 - 2019

IGUALDADE DE XÉNERO

Álbum ilustrado

Lecturas autónomas



Pippi Mediaslongas



Astrid Lindgren



Ingrid Vang Nyman



David A. Álvarez



As aventuras e extravagancias dunha nena rebelde, simpática e extraver-tida, que vive soa cun cabalo e un mono. Orfa de nai e co pai lonxe, Pippi sobrevive con alegría, asertividade e determinación.

Nesta serie inclúese: *Pippi Mediaslongas*, *Pippi Mediaslongas embarca* e *Pippi Mediaslongas nos mares do Sur*.



Kalandraka

Sete Leguas Especiais

9788484643395

9788484644231

9788484644880

2017 - 2020

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas autónomas



Tres bichicomas, dúas illas e unha serea



Rosa Aneiros



Abi Castillo



Unha nena (moi decidida) e dous nenos andan á busca de aventuras e o mar tráelles o que eles toman por unha serea. O verán descubrirlles outras realidades como a dos refuxiados e o exercicio da solidariedade.



XERAIS

Merlín

978-84-9121-568-4

2020

Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade (2018)

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas autónomas



Xela volveuse vampira!!



Fina Casallerrey



Noemí López



Xela é a mellor mestra do mundo! Mais semella unha morta vivente de ollos violeta que posan acotío no chan. Estarase a volver vampira? Breixo tentará descubrilo.



BAÍA EDICIONS

Contos da igualdade

978-84-9995-029-7

2011

LITERATURA
INFANTIL E XU-
VENIL GALEGA

galiix

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa


Lecturas expertas

**A cabeza de Medusa**

Marilar Aleixandre



As dúas protagonistas do libro sofren unha violación. Lonxe de seren coidadas e apoiadas, débátese entre a necesidade de denunciar ou evitar ser xulgadas pola sociedade, que lles quere impor outro estigma co que cargar nas súas costas.



XERAIS



Fóra de xogo



978-84-9914-098-8



2010



ODS 16

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas expertas

**Calpurnia Tate**

Anaí Rodríguez



Carlos Acevedo



Calpurnia é a única muller de sete irmáns. Ela racha as expectativas sociais, pasando o tempo co seu avó, un naturalista seguidor de Darwin. A rapaza, que se centra na ciencia no primeiro dos libros, pasa o foco á veterinaria e o coidado dos animais, no segundo. Intereses que non semellan os adecuados para unha señorita de 1900.

A mesma serie: *A evolución de Calpurnia Tate* e *O curioso mundo de Calpurnia Tate*.



kalandraka



9788415250456



9788416721177



2013 - 2018

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas expertas

**Denébola a Roxa**

Héctor Cajaraville



No século XVII, Denébola é enviada a un convento. Mais ela decide tomar as rendas da súa vida, aínda que iso a leve a latitudes e oficios moi diferentes ao agardado.



BAÍA EDICIÓN



Meiga Moira



978-84-9995-210-9



2016

IGUALDADE DE XÉNERO

Teatro

Lecturas expertas

**Dormente**

Raquel Castro



Laura Veleiro



Unha parodia que lles dá a volta aos contos clásicos: dous detectives investigan o sono da princesa e buscan o meigallo ou pezoña que a ten a durmir. Neste caso, os personaxes revélanse contra o seu rol tradicional.



EDITORIAL GALAXIA



Árbore



978-84-9151-584-5



2021

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas expertas



Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta



Ledicia Costas



Jules Verne chega a Vigo seguindo a pista das misteriosas mulleres planta. Na botica do señor Philipot descubre que Violeta e Melisa, a neta e maila muller do boticario, pertencen á antiga extirpe de mulleres sabias. Unha historia de aventuras, amor e liberdade.



XERAIS



Fóra de xogo



978-84-9121-070-2



2016



Lazarillo (2015)

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas expertas



Os diarios de Carlota




Gemma Lienas



A través do formato de diario recóllense as experiencias sexuais dunha adolescente que está a descubrir o mundo. No diario violeta Carlota recibe, da súa avoa, a encomenda de observar o mundo cunhas lentes de cor violeta, é dicir, dende unha óptica feminista e igualitaria.

Axiña vai entender, que hai moitísimas situacións que tomamos como normais cando, en realidade, son todo un exercicio de discriminación e inxustiza.

A mesma serie: *O diario vermello de Carlota* e *O diario violeta de Carlota*.



EDITORIAL GALAXIA



Costa Oeste



9788482888699



9788498653359



2006 - 2011

IGUALDADE DE XÉNERO

Álbum ilustrado

Lecturas expertas



Palabras envenenadas




Maite Carranza



Ricardo Fernández Sabin



Bárbara Molina desapareceu hai catro anos. Quen a ten secuestrada? A novela denuncia os abusos sexuais na infancia e a súa invisibilidade por mor de prexuízos e convencións sociais.



rodeira



Periscopio



978-84-8349-254-3



2010



ODS 16

IGUALDADE DE XÉNERO

Banda deseñada

Lecturas expertas



Persépole



Marjane Satrapi




Marjane Satrapi



Eva Carrión del Pozo



Un relato autobiográfico sobre a infancia da autora en Irán, que é a súa vez, o excelente testemuño histórico dun pobo e unha época. Un cómic de referencia en relación á situación da muller noutros países.



rinoceronte editora



Novela gráfica



978-84-92866-26-7



2011

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas expertas




Rapazas



Agustín Fernández Paz



Seis relatos con protagonistas femininas, na etapa adolescente. A través das historias faise visible a discriminación dos mulleres nos diferentes ámbitos e a necesidade de rematar con esa situación.



Fóra de xogo



978-8483029626



2003

IGUALDADE DE XÉNERO

Narrativa

Lecturas expertas



Viaxes en trens de primeira clase



Dani Torrent




Dani Torrent



Josep María Teixell



Clementina é unha moza á que a guerra e a morte do pai arruinan os seus plans de futuro. Cos seus últimos cartos realiza unha viaxe en tren na que coñecerá a tres cabaleiros moi ricos que lle propoñen matrimonio... Un xiro inesperado, converte esta fábula nunha historia de autoconecemento e empoderamento feminino.



+triqueta



978-84-18687-36-5



2022

E TAMÉN...

A boneca de Lucas

Aplicación instantánea

A guerra das bruxas

Aleida. Cidade sen alma

Colección: "A igualdade conta"

Colección: "Contos da igualdade"

Colección: "Mulleres bravas da nosa historia"

Colección: "Mulleres galegas"

Desmontando o corpo, construíndo a ciencia: as xemelgas Fernández de la Vega

Emilia Pardo Bazán: unha mente poderosa

Femenino singular, en plural

Guerreiras de lenda

Historia das mulleres galegas: das marchas

nómades á Marcha mundial das mulleres

María Casares. A impaciencia por vivir

María Pita e o pirata : o valor dunha heroína

Moda galega

Non hai luz sen escuridade

Non (a todas as nenas lles gusta o rosa)

Ola, estúpido monstro peludo

O segredo da Pedra Figueira

Penúltimas tendencias

Supremas, mozas mitolóxicas

Voces de auga

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



A billa de Xoán



Café Roma



Pablo Álvarez Rosendo



O respecto polo medio ambiente, polo noso patrimonio natural, é un dos valores que transmite esta historia, que pretende concienciar a nenas e nenos para o uso dun recurso de vital importancia na supervivencia do ser humano: a auga.



978-84-96950-64-1

2007

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



A gotiña viaxeira




Toño Núñez



Miguel Anxo Macía



As aventuras dunha gotiña de auga que, durmida un día na praia evapórase e perde ás súas compañeiras. Inclúe cd audiovisual con imaxes, narración e canción.



FERVENZA

978-84-17094-46-1

2018

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Primeiras lecturas



A pinga de choiva



Alfredo Gómez Cerdá



Víctor Moreno



Francisco Xavier Frías Conde



Ás veces o ceo cóbrese de nubes escuras. Vénse lóstregos e séntense tronos de moi lonxe. Toda a xente pensa: «Boa bátega vai caer!» Mais só caen catro pingas. Este libro é a historia desas catro pingas e, sobre todo dunha delas.



Altamar

978-84-216-6332-5

2009

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Primeiras lecturas



Dona Landra no río revoltó



Alberto Varela Ferreiro



Alberto Varela Ferreiro



No río cada ano hai máis porcallada: plásticos, latas ferruxentas, pneumáticos, lavadoras... Os animais como a garza, o salmón, a lamprea, a troita, o parruliño, a libeliña, a lontra ou a donicela estanse afacendo a vivir con todo isto...



Merliño

978-84-9782-979-3

2009

ODS 12



LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galiix

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Era unha vez a orixe das sereas



Beatrice Blue



Beatrice Blue



Iolanda Mato



Todo empezou unha vez nunha lagoa máxica cun cativo chamado Teo que adoraba coleccionar peixes. Un día atopou unha criatura diminuta dentro dunha fermosa burbulla. Levouna para casa, mais na peixeira empezou a languidecer. Por sorte, Teo descubriu a maneira para que a súa nova amiga se sentise ben.



978-84-18687-03-7

2021

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Na ribeira



Petra Bartiková




Marcel Králik



María Reimóndez



A través deste álbum troquelado os lectores e lectoras coñecerán os distintos hábitats acuáticos, os seres vivos que habitan neles e necesidade da auga para a supervivencia.



BAÍA EDICIÓN

978-84-999-5332-8

2020

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Primeiras lecturas



Nube de neve



Xabier P. Docampo



Xosé Cobas



Oria agacha no conxelador da súa casa o segredo das nevaradas. Rouboulle ó ceo unha gran nube de neve para poder dispoñer das folepas ó seu antollo. ¿Poderá vestir de neve os días de sol?



oquileo

Amarela

978-8416834600

2017

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Poesía

Primeiras lecturas



O paraugas dameaugas



Anxo Moure Mosquera



Cristina Ouro Gomez



Sobre as augas e a súa necesidade, sobre o respecto á natureza e a tradición popular. Un discurso pola defensa do patrimonio natural e cultural, xunto coa mensaxe de que a chuvia é portadora de bens.


urco
EDITORA

Amarela

978-84-15699-53-8

2014

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Primeiras lecturas



Unha gota é un océano



Llerena Perozo Porteiro



Fran Muñiz



Manual de bo uso da auga que pon en valor a importancia e a necesidade de facer un emprego responsable, empezando polo coñecemento do seu valor, para non desperdiciala.



AUGA
EDITORA

978-84-947801-3-4

2018

ODS 12

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Viaxes de Inverno



María Canosa



Dani Padrón



Todos os invernos son diferentes, pero a esencia do inverno ben se podería concentrar nunha pinga, coma o que aquí se recrea, para viaxar con ela polas estacións do ano e polas paisaxes do mundo.



editorial **everest**

Rañaceos

978-84-403-1223-5

2013

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Teatro

Lecturas autónomas



O país acuático



Eduardo Alonso



Unha obra de teatro ao redor da auga e a utilización comercial da mesma.



EDICIÓN DO CASTRO

Teatro para nenos

978-84-8485-011-3

2001

Mención especial do premio estornela de Teatro para a Infancia

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Libro informativo

Lecturas autónomas



O río e a lagoa



Steve Parker



Valentín Arias López



Libro que achega información relacionada co hábitat da auga doce, documentando todo o relacionado cos ríos e as lagoas.



ediciones Altea

Biblioteca Visual

978-84-372-3732-9

1990

ODS 12

LITERATURA
INFANTIL E XU-
VENIL GALEGA

galiix

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas autónomas

**A auga está enferma**

Miquel Obiols



Óscar Villán



Xoán Couto



A auga non quere saír da billa, négase a entrar no vaso... semella que toleou, ou é que a toleamos nós? Un elemento natural tan importante coma a auga ha de estar san, para que o planeta sobreviva.



kalandraka



Seteleguas



978-84-8464-109-4



2001

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas autónomas

**Memorias dun río**

Antón Cortizas



Fernando García



O río Runxidoiro é o protagonista destas páxinas. El vains contar o que foi acontecendo, nas súas augas, ao longo do seu percorrido polos diferentes lugares.

Sotelo blanco
edicións

Xuvenil



978-84-7824-378-5



2001

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas autónomas

**Palabras de auga**


Marcos Calveiro



Ramón Trigo



Os Wakati da tribo dos Kimba abandonan o país Lomba coa esperanza de atopar unha terra mellor con auga abundosa. Dende entón, homes e mulleres camiñan (baixo un sol abrasador) a sabana poeirenta, sen saber que lles pode deparar o futuro.



XERAIS



Merlín



978-84-9914-441-2



2012

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Banda deseñada

Lecturas autónomas

**A proba de auga**

Anémona de Río



Anémona de Río



As aventuras dunha pinga de auga que acaba de rematar os seus estudos. Está disposta a cumprir a súa misión e o lector (ou lectora) vaina acompañar nesta viaxe na que se abordan temas científicos.



XERAIS



Merlín cómics



2020



978-84-9121-673-5

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas autónomas



Na procura do tesouro de Kola



Edna López



Agustín Comotto



Kola é unha illa na que vive Omar, un rapaz orfo que emprende unha aventura percorrendo as distintas rexións onde a seca provocou que a auga cobrase unha importancia capital.



rodeira

Tucán verde

978-84-8349-303-8

2011

ODS 13

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas autónomas



O furtador de auga




Xosé Lois García



María Lires



A natureza rebélase contra a cobiza do progreso para poder recuperar o seu equilibrio natural. Para facelo, alíase coas xeracións máis novas.



editorial everest

Ler é vivir

978-84-40312-20-4

2013

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas autónomas



Cos ollos do avó



Concha Blanco



Xosé Tomás



Sofán do Val desapareceu do mapa por decisión gubernamental ao ser asolagado polas augas para converterse nun encoro. Os habitantes daquela localidade tiveron que asentarse noutros lugares de Galicia, pero da memoria deles nunca se borraron as lembranzas do lugar e o pasado.



ee edicións embora

O Globo

978-84-92644-71-1

2014

ODS 7

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Informativo

Lecturas expertas




A auga



CEIDA



A auga é vida; o recurso máis prezado da humanidade e a base da súa supervivencia. Da súa existencia, xestión e subministro depende a saúde das persoas e os ecosistemas, os alimentos e a estabilidade social.



Nova Galicia edicións

Que me dis de...

978-84-96950-97-9

2008

CEIDA: Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia



LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

gálix

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas expertas. Familias



A morte da Terra



J. H. Rosny O Maior



Isabel Soto López



Unha historia distópica cun final pouco esperanzador para a especie humana no que a auga se converte no ben máis prezado.



Hugin e Munin



Vólvense os paxaros contra as escopetas



978-84-949713-3-4



2019

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas expertas




As ribeiras son escuras



Manuel María



Tres relatos nos que se recolle a dureza do traballo no agro e o asolagamento da terra por un encoro.



editorial **everest**



Punto de encontro



987-84-403-0137-6



1997



ODS 7

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas expertas



As voces da auga



Ánxela Gracián



Relata unha historia de supervivencia e de aposta pola vida nun contexto histórico especialmente complexo como é o chino. Unha nena, condenada a morte, polo feito de ser a segunda da familia, é rescataada por un matrimonio de anciáns. A vida no río e nos seus arredores tráenos as súas voces, sempre presentes.



B BAÍA EDICIONS



Meiga Moira



9788499953007



2018

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas expertas



Be water



Antía Yáñez



Nun mundo distópico, a escaseza de auga marca a vida dos humanos. A vida na superficie hai tempo que non é posible. A protagonista, Iolanda, que vive nas Colmeas soterradas coa súa filla e o seu curmán, vese envolta nunha aventura que a vai conducir a un final imprevisible.



cuarto de ^{*}inverno



978-84-09-15876-8



2019

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Banda deseñada

Lecturas expertas



De quen é a auga?



Marilar Aleixandre




Tangaraño



Francisco Díaz-Fierros



Explica e ensina a relevancia de administrarmos ben o consumo de auga e a súa importancia no ecosistema. (Acceso en dixital na páxina do Consello)



Ciencia para todos
84-95415-17-8
2000

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Informativo

Lecturas expertas



H2... Oh!!! Pingas Científicas




María Canosa Blanco



Luz Beloso



Unha morea de curiosidades científicas que rodean a nosa vida máis cotiá explicadas de xeito claro, rigoroso e ameno.



EDITORIAL GALAXIA

978-84-9151-628-8
2021

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Narrativa

Lecturas expertas



O paxaro burlón



Gerald Durrell



Moisés Barcia



A descuberta, nun val remoto, dun pequeno reduto de paxaros burlóns (símbolo da illa e en perigo de extinción) ameaza o proxecto de construción dun encoro e dun aeroporto, e obrigará os responsables de Zenkali a elixir entre a defensa da natureza e da súa historia e o chamado progreso.



Avanzado
978-84-16884-54-4
2022

AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Ensaio

Lecturas expertas




O país dos mil ríos



Xosé Lois Ripalda



Trata a cultural fluvial en Galicia. Fornece unha descrición xeográfica das principais cuncas fluviais galegas. Un compendio de todo o que os ríos simbolizan na cultura galega desde as lendas, as festas e a literatura ata o patrimonio artístico.



EDITORIAL GALAXIA

Guías e rutas
978-84-7154-256-4
2021



E TAMÉN...

En dixital, na páxina de Adela Leiro: *Días da auga, A auga*

Na BVG: *A viaxe de Purpurina ou a historia dunha pinga de auga* de Xabier P. Docampo

A cova das vacas tolas

Agni e a chuvia

Animalia 3. Azul

Animalia 2. Branco

Area Maior

Enciclopedia Temática Ilustrada. A auga. ANT (A Nosa Terra)

Enciclopedia Temática Ilustrada. Os ríos. ANT

Seres galegos das augas. Páxina de Galicia encantada

Os Bolechas descubren a natureza. O río.

Os Bolechas descubren a natureza. A lagoa.

Un mundo para Maruxa

50 cousas que os nenos poden facer para salva-la terra



ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

Libro informativo

Primeiras lecturas



A enerxía. Os Bolechas



Pepe Carreiro



Pepe Carreiro



De forma moi sinxela explícaselle á rapazada que é a enerxía e para que se utiliza.



A NOSA TERRA



Os Bolechas. Aprende xogando. Pinta e colorea



978-84-96203-89-1



2004

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

Poesía/Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Carlota e a gaivota patiamarela



Miro Villar



Enjamio



A marmota Carlota decide ir coñecer o mar. Ao chegar ao esteiro atopa un deserto negro, “visgañento” e frío, provocado polos vertidos do chapapote. Alí observa como unha gaivota enchoupada no alcatrán tenta saír.



XERAIS



Merliño



978-84-9782-422-4



2006



ODS 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Marea negra



Pepe Carreiro



Pepe Carreiro



Os animais dunha granxa preto do mar, procuran axuda e amosan a súa solidariedade coas gaivotas que sofren o alcatrán, producido polo vertido do Prestige na costa galega.



A NOSA TERRA



Contos do Miño



978-84-96202-69-6



2003



ODS 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



¡Nunca máis! A ollada da infancia



VV.AA.



VV.AA.



Nenos e nenas ilustran o que para elas significou o desastre producido polos vertidos do Prestige. Unha catástrofe de tales dimensións que repercutiu de maneira moi especial na sensibilidade infantil.



kalandraka



978-84-8464-188-9



2003



ODS 14



7

LITERATURA INFANTIL E XU- VENIL GALEGA

galiix

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

Libro informativo

Primeiras lecturas



Os Formigón no Comité ambiental da escola; auga e enerxía



Pepe Carreiro



Pepe Carreiro



A serie "Os Formigón no Comité ambiental" busca concienciar ás crianzas sobre a defensa do medio ambiente. Neste caso, céntranse na cuestión da auga e a enerxía.


A NOSA TERRA


Axenda 21 escolar



84-96403-06-8



2004

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

Libro informativo

Primeiras lecturas



Que é a enerxía



Pepe Carreiro



Pepe Carreiro



Libro informativo para primeiras idades arredor do tema da enerxía. Trátase de facer chegar este coñecemento a través d'Os Bolechas: unha familia amiga das crianzas.


A NOSA TERRA


Os Bolechas queren saber



978-84-96203-11-2



2002

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

Teatro

Primeiras lecturas



Teatro para nenos de infantil. Mariñeiros no Nadal



Esther da Silva



Paco Lareo (cuberta) e alumnos/as do CEIP de Lalín (interior)



O carbón dos Reis viaxa a bordo do Prestige, descubrimento que moverá a nenos e nenas mariñeiros a actuar, dalgunha maneira, ante a chegada do chapapote.



FERVENZA



A Pinguela -teatro escolar



978-84-932977-6-3



2002



ODS 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

Libro informativo

Lecturas autónomas



A enerxía



Adela Leiro



Mon Daporta



Un manual a través do cal accedemos a información relacionada coa enerxía.


A NOSA TERRA


Biblioteca Temática Ilustrada



978-84-96203-11-2



2002